

# *Galadusa*







**Colexio de Educadores  
Sociais de Galicia**

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º  
15702 Santiago de Compostela  
(A Coruña)



secretaria-tecnica@colexioeducadores.com



www.colexioeducadores.com



981 55 22 06



981 93 82 74

*CESG non se fai responsable,  
nen ten porqué identificarse  
necesariamente coas opinións expresadas  
nesta publicación.*

*Prohibida a reprodución total ou parcial  
desta publicación. Fotografías protexidas  
pola lei de propiedade intelectual.*

Edita: Colexio de Educadores Sociais de Galicia  
Depósito Legal: C-594-02

Equipo de Elaboración  
da Revista

ÁN XELA PAZ RODRIGUEZ  
ANA PAZ RODRIGUEZ  
MERCEDES SÁNCHEZ ROMERO  
COMISIÓN XESTORA DO CESG

Ilustración portada  
CALINA LAVANDEIRA

Ilustracións Interior  
ÁN XELA PAZ RODRIGUEZ

Deseño e preimpresión

**CORMORÁN**  
produccións e impresións



## Galedusa N° 0

EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
PRÁCTICA PROFESIONAL	10
A DEBATE	13
DE ACTUALIDADE	14
O CESG INFORMA	16
BARCO DE PAPEL	17
BUZÓN OPINABLE	19





# Editorial

O nacemento dunha nova publicación sempre é un motivo de lelicia e moito máis, se cabe, ocorre con esta **GALEDUSO** que nace coa idea de traballar por e para a **EDUCACIÓN SOCIAL** e ser, deste xeito, o vehículo de información do **COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA**.

Un dos obxectivos do noso Colexio é o de acadar o recoñecemento da profesión de educador/a, animador/a sociocultural ou educador/a de persoas adultas, e por iso xurde a idea de facer unha publicación de ampla difusión que chega ás colexiadas e colexiados do CESG, pero tamén a outras e outros profesionais achegadas/os á nosa tarefa, e ás persoas da Comunidade Galega interesadas nestes temas.

Queremos facer unha revista "viva" e chea de colaboracións dos educadores e das educadoras galegas ou doutras comunidades. Como veredes máis adiante, temos moitas seccións abertas ó debate e á participación. É moi importante que se dea a coñecer o que se está a facer neste campo e intercambiar experiencias. Por todo iso, vos convidamos e solicitamos a vosa colaboración nos seguintes números.

Dende esta publicación o CESG tamén vai tentar facer chegar ás colexiadas e colexiados as informacións que crea poidan ser do seu interese; as actividades a realizar; os servizos que se vaian poñendo en funcionamento; as campañas que se leven a cabo; así como, publicitar os documentos que se realicen dende o Colexio e, por suposto dar contas dos traballos realizados.


Para o Colexio que queremos, participativo e fondamente implicado na sociedade galega, este instrumento constitúese nunha peza imprescindible.

Creemos que a través da tan necesaria normalización da nosa profesión ( proceso habilitador que estamos levando a cabo ), do coñecemento e colaboración das/os distintas/os profesionais que estamos traballando neste ámbito. Acadando a necesaria regulación das distintas situacións profesionais, poderemos, sen dúbida, mellorar a nosa praxe profesional, e por tanto, a vida da sociedade en xeral, e abrir, ó mesmo tempo, novos campos de intervención.

Aquí está, pois, **GALEDUSO** palabra formada por dúas ideas claves: **GALICIA**, onde traballamos ou nos estamos preparando para mellorar a súa sociedade, e **EDUCACIÓN SOCIAL** a nosa profesión, que queremos máis recoñecida, mellor representada e máis normalizada. Para isto nace, con vocación de vivir moito tempo, esta, a **VOSA** revista.



## ANIMACION SOCIOCULTURAL E PEDAGOXÍA DO LECER NA NOVA ESTRUCTURA FORMATIVA DO ENSINO SUPERIOR



A animación Sociocultural e a Pedagogía do Ocio entraron na Universidade. A participación da Universidade neste tipo de formación a partir sobre todo da aprobación da Diplomatura Universitaria en Educación Social (R. D. 1420/1991) é unha realidade. Con anterioridade á creación da Diplomatura, as Universidades viñan prestando certa atención ó lecer, tanto na investigación como na docencia, desde os Departamentos de Pedagogía, contemplando, como é o caso de Santiago de Compostela, unha especialidade en Intervención Socioeducativa, moi vencellada á Política educativa municipal naqueles primeiros concellos democráticos da transición en certas cidades.

Dúas eran as opcións posibles para incorporar este ámbito na Universidade. Por unha parte, seguindo o modelo francófono que tende á especialización, constituir unha titulación específica ou, por outra parte, tendendo a un título polivalente e plural, albergar baixo o mesmo paraguas da educación social, tradicións profesionais diferentes (animación sociocultural, educación de adultos, educación especializada). "De xeito que no momento presente, se ben a formación de animadores non pode discorrer no noso país pola porta grande dun currículo autónomo de Diplomatura, si que alomenos na práctica pode beneficiarse de todas as vantaxes e particularidades do mesmo, gracias a unha oportuna manioobra académica. Todo isto ata



que a Animación lle chegue o momento de emancipación profesional definitiva" (Quintana, 1993: 194).

Sen embargo, o ámbito profesional da Animación Sociocultural e a Pedagogía do Ocio non entra únicamente no ensino reglado a través da Universidade, senon que no ensino non universitario, tamén se creou o módulo profesional de nivel III de Actividades Socioculturais, que dá acceso ó Título Oficial de Técnico en Actividades Socioculturais (TASOC). Enmarcaríase, polo tanto, na nova formación profesional, con grado de Técnico Profesional Superior, constituíndose como o primeiro título oficial específico que aparece en España.

Xunto a estes títulos oficiais, a formación do animador convive na actualidade con outros títulos e cursos xa existentes, fóra do sistema reglado. Se as titulacións oficiais referidas tiñan un alcance estatal situarémolos agora no ámbito autonómico. É sobre todo a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a que ten a maior relación con este tema que nos ocupa, especialmente no que respecta á animación xuvenil e tempo libre, legislando e recoñecendo centros e escolas de animación e tempo libre, así como os diplomas de directores e monitores de tempo libre que estas institucións estenden.

Tamén esta mesma Consellería, para o deseño da Formación Profesional Ocupacional, dentro do Plan F.I.P., imparte especialidades formativas relacionadas con este ámbito: animador sociocultural (300 horas), monitor sociocultural (300 horas)... Asímesmo, esta formación pode ter outras orixes, que van desde as Escolas Taller, Centros de Educación de Adultos, Asociacións, ou a propia Escola Galega de Administración Pública, que oferta cursos sobre o exercicio da Animación, como por exemplo: "Animación sociocultural en centros residenciais".

Esta diversidade de oferta formativa na práctica prantexa algúns dilemas, que deben

abordar a Administración, os Colexios Profesionais, as Institucións Formadoras e os profesionais, procurando enlazar o modelo de formación que se acorde coa conseguinte regulación do mercado laboral. Os dilemas derivan da ausencia na actualidade dun modelo formativo global, que structure e busque correspondencias entre as distintas modalidades de formación referidas. Por exemplo,

- ¿Cal é o papel das institucións dirixidas á formación non reglada - particularmente as Escolas de Tempo Libre de ampla traxectoria - unha vez introducida a formación nos niveis académicos reglados?
- ¿Como entender que os TASOC e os educadores sociais, según a normativa vixente na nosa comunidade, non poden exercer certas actuacións que a lei restrinxe ó monitor e director de tempo libre, respectivamente? Ó referirse ás Actividades ó aire libre establécese no Decreto: "Todas as actividades reguladas neste título, estarán dirixidas por persoal técnico coa titulación conveniente establecida polo título III" - Escolas de Tempo Libre -. (Artigo 47.1. do Decreto 50/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. DOG, 10 de marzo de 2000).
- ¿Existen diferencias no noso contexto en canto a entidades formativas dirixidas á formación inicial e á formación continua? ¿E entre a formación dirixida a profesionais e a voluntarios?
- ¿Cales son as posibilidades laborais de aqueles que optan por un curso dentro do plan FIP, tratándose dunha formación pretendidamente ocupacional?

A resposta a estas cuestións que acabamos de prantexar non é fácil, e non está só en mans da Universidade como entidade formadora dos Diplomados e Licenciados. Podemos apuntar algunhas liñas de debate



que poden ir achegándonos a este necesario modelo formativo.

En primeiro lugar, sería conveniente comen-  
zar a legislar noutra dirección no que se refi-  
re á formación de profesionais da interven-  
ción no tempo libre. Sen dúbida que os que  
desempeñen funcións de educadores deben  
sair das aulas universitarias, compartindo os  
labores de impartición de obradoiros, reali-  
zación de actividades, cuidado dos partici-  
pantes nas horas nocturnas ou nos espazos  
libres intermedios, para persoal con outra  
formación, acompañados se é o caso por  
colaboradores voluntarios. Polo tanto a  
Universidade forma ós educadores, os  
Centros de Medias, ós animadores, mentres  
as Escolas de Tempo Libre e outras entida-  
des de iniciativa social poden impartir forma-  
ción diversa segundo as demandas do  
momento, que poden contar cun diploma que  
lle recoñeza certas habilidades para partici-  
par na realización de actividades de tempo  
libre, dun xeito remunerado ou con carácter  
voluntario. Asímesmo cando a súa traxecto-  
ria e a experiencia o permitan, poden conve-  
nir coa Universidade e con outras entidades  
públicas a participación na formación conti-  
nua dos titulados superiores.

Deste xeito a **formación inicial**, básica, que-  
daría reservada ás institucións que imparten  
formación reglada –TASOC e Educador  
Social – así como á formación ocupacional,  
dándolle un claro compoñente profesionali-  
zador. As entidades privadas e de iniciativa  
social realizarían unha formación básica, así  
como a formación inicial daquelas persoas  
que se comprometen co voluntariado. O reco-  
ñecemento desta actividade no ensino supe-  
rior pode facerse mediante validación de cré-  
ditos de libre elección, a sinatura de conve-  
nios para mellorar a formación práctica do  
alumnado, ou mediante a organización con-  
xunta de actividades culturais e de investiga-  
ción multidisciplinares dunha determinada  
realidade, nas que se impliquen investiga-  
dores universitarios, persoal con experiencia  
práctica e estudantes das diplomaturas e

licenciaturas.

Por outra parte, a **formación continua**, tanto  
para o voluntariado como para os profesio-  
nais, pode implicar igualmente á  
Universidade, - a través de postgraos, mas-  
ters, cursos de doutoramento e outros cursos  
-, así como as instancias non académicas  
mais sensibles e abertas ás necesidades  
cambiantes. Unha e outra información debi-  
damente certificada debe ter o recoñecemen-  
to por parte da dependencia correspondente  
do goberno galego.

Outra cuestión importante a resolver son as  
diferencias e conexións entre TASOC e  
Educador Social. Só algúns nexos quedan  
recollidos no RD 2050/1995, de 22 de decem-  
bro, que establece o título de TASOC e as  
correspondentes ensinanzas mínimas. A pri-  
meira conexión entre estes técnicos e os  
Diplomados en Educación Social, manifésta-  
se ó establecer as equivalencias, a efectos de  
docencia, do titulado en Educación Social  
nas especialidades de Intervención  
Sociocomunitaria e Formación e Orientación  
Laboral. Un segundo nexo contéplase ó  
establecer o acceso a estudos universitarios  
dos que obteñan o título de Técnico Superior  
en ASC; entreles recóllese a Diplomatura en  
Educación Social como posible. Por último,  
outra interconexión, mais conectada co  
mundo laboral, queda recollida ó definir que  
"este técnico actuará, en todo caso, baixo a  
supervisión xeral de Licenciados ou  
Diplomados" –entendemos que serán  
Licenciados en Pedagogía e outras Ciencias  
Sociais, ou Diplomados en Educación Social.  
Aplicando os niveis formativos establecidos  
para a Comunidade Europea, (Ventosa,  
1997) segundo a decisión conocida como  
"correspondencia de cualificacións profesio-  
nais", a Animación Sociocultural quedaría do  
seguinte xeito: Nivel I (auxiliares e voluntarios);  
nivel II (monitores e técnicos); nivel III (técnicos  
superiores); nivel IV (diplomados universita-  
rios) e nivel V (licenciados e postgraos).  
A definición de perfís profesionais e das



necesidades formativas correspondentes son, polo tanto, dúas cuestión que deben ir moi relacionadas. O curriculum dos tres niveis - Licenciado en Pedagogía, Educador Social e TASOC - deben pensarse en conxunto, para evitar repeticións innecesarias, e organizar debidamente o paso dunha titulación a outra. En lineas xerais, os TASOC contarán cunha formación ampla teórica e práctica nesta área específica que abrangue o seu título: a animación Sociocultural; os Diplomados teñen unha formación teórica multidisciplinar nos campos da Pedagogía, a Psicoloxía, ou a Socioloxía, e unha formación técnica e práctica en ámbitos concretos de actuación, que pode ser tamén diversos en función das institucións elixidas en cada ano de formación pero, en todo caso, unha formación configuradora dun perfil de educador con todo o que implica o concepto amplo de educación (mais ampliamente abordamos este tema en Cid; Dapía; Fernández, 2000); os Licenciados contan cun nivel maior de profundización nas áreas psico-socio-pedagóxicas, cun ingrediente importante de metodoloxías de investigación da realidade socioeducativa, e en procedementos de deseño, implementación e avaliación de políticas educativas e sociais.

En correspondencia coa formación, deseñárase o perfil profesional de cada titulado. De feito, noutras profesións mais consolidadas (como as relacionadas coa saúde nas que aparece claramente diferenciada a labor dos auxiliares, diplomados en enfermería e médicos) a estruturación dos distintos niveis formativos ten unha correspondencia cos distintos niveis profesionais; en cambio na Animación Sociocultural esta diferenciación aínda non ten unha resposta inmediata no mercado de traballo. Non se estableceu unha correspondencia entre a titulación específica para o desempeño dos distintos niveis profesionais. Tampouco está moi claro, que nestas situacións a fragmentación excesiva dos postos de traballo axude á profesionalización, xa que ademais aínda pode estar en debate

a nova confluencia nun título único moi sólido. Para cada perfil profesional, e en cada ámbito específico no que exerza a súa actividade, a formación básica completárase con programas de formación permanente, que tendan non só á mellora da práctica profesional, senon tamén á posibilitar a promoción na estrutura de postos de traballo públicos. Na formación permanente, ademais das características que se establezan para os profesionais con experiencia, que agora están a homologar o título, convén ter en conta os diferentes tipos de formación con requerimentos tamén diferentes para o acceso á mesma. Mentres os Licenciados poden acceder a Mestrados e Doutoramentos, os Diplomados contan con Cursos de especialización e Postgraos. No deseño destes pode establecerse cando van destinados a Técnicos Superiores e a persoas con experiencia. Noutro nivel poden situarse cursiños de distinta duración e grao de especialización dirixidos a profesionais, segundo as súas funcións e necesidades formativas, así como a demandantes do primeiro emprego. Como profesións pouco consolidadas, aínda que con certa historia en algún dos campos, o esforzo das institucións formadoras e o labor de coordinación entre Administración, Colexio Profesional, Sindicatos, Asociacións e Universidades vai ser determinante na futuro profesional duns e outros. Coincidimos con Sáez (1996:18) cando afirma que en realidade "a práctica dos educadores sociais dependerá en gran medida das políticas sociais que favorezan un mercado laboral posible para elo, pero tamén da **formación recibida** : unha formación que , sexa no tempo, sexa no espazo, pode impulsar a profesionalización ou a desprofesionalización dos educadores sociais" (o subliñado é noso). Así a formación vai permitir, ou mellor dito, vai colaborar no proceso de profesionalización, xa que na nosa sociedade o recoñecemento social e económico dunha profesión vai xeralmente acompañado ou esixe o recoñecemento académico.



## BIBLIOGRAFÍA

Cid, X. M.; Dapía, M.; Fernández, R. (2000): "Niveles de formación de los profesionales de la animación sociocultural en Galicia: de las escuelas de tiempo libre a la formación universitaria", en Caride, J. A. (coord): Educación social y políticas culturales. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela.

Decreto 50/2000, de 7 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (DOG do 10 de marzo de 2000).

Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia (DOG do 1 de febreiro de 2001).

Real Decreto 2058/1995, de 22 de decembro, por el que se establece el título de Técnico Superior de Animación Sociocultural y las correspondientes enseñanzas mínimas (BOE, de 21 de febrero de 1996).

Quintana, J. M<sup>a</sup> (1993): *Los ámbitos profesionales de la animación*. Madrid: Narcea.

Sáez, J. (1996): "La profesionalización de los educadores sociales: algunas consideraciones introductorias", en López Herrerías, J. A. (coord): *El educador social. Líneas de formación y actuación*. Madrid: Mirecki, pp 11-21.

Ventosa, V.J. (coord) (1997): *Modelos de formación de animadores socioculturales en el marco de la Europa comunitaria*. Salamanca: Universidade Pontificia / Junta de Castilla y León.




Xosé Manuel Cid Fernández  
María D. Dapía Conde  
Profesores da Universidade de Vigo  
(Campus de Ourense)



# Benvid@s

[www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com)







## KAMELAMOS GUINAR (Queremos Contar)

A prevención non específica non tivo ata o de agora máis que un impacto mediocre entre a comunidade xitana, por diversas razóns: a desconfianza dos seus membros cara as mensaxes enviadas pola sociedade dominante, o tabú que rodea a estas cuestións e o importante analfabetismo funcional, que fan inútil todo intento de prevención baseado nun medio escrito.

Para que unha acción de prevención sexa eficaz, parece primordial ter en conta estas peculiaridades co fin de elaborar un modelo de intervención no que as mensaxes de prevención estean elaboradas polos/as propios/as xitanos/as, de xeito que o seu contido se adapte o mellor posible á súa forma de pensar, o que facilitará a súa difusión.

É por iso polo que nace o "Kamelamos Guinar" (Queremos Contar), programa para nenos/as e mozos/as xitanos/as en situación de risco. Ten como obxectivo, diminuí-la incidencia do VIH e a drogadicción a través dunha intervención que utiliza como instru-

mentos a dramatización e a música flamenca (elementos atractivos para os/as nenos/as xitanos/as) positivizando os contextos de diversión nos que poden ter comunicación, diálogo, relación,... é dicir, sentirse a gusto.

### UN POUCO DE HISTORIA

O programa Kamelamos Guinar nace na UMAD do Concello de Santiago no ano 1999. A través do teatro de títeres e a música flamenca os/as nenos/as xitanos/as crean unha obra de teatro ambientada nun mercadillo. A través dos postos e dos produtos en venta tratan diferentes temáticas: drogas, SIDA, alimentación, identidade cultural,...

Á raíz deste espectáculo, o ano seguinte editouse un material didáctico (vídeo e unidade didáctica) para achegar esta experiencia a outros grupos.

Na actualidade, optase por unha maior diversificación das actividades e a participación e integración nas iniciativas comunitarias.



## POBOACIÓN Á QUE VAI DESTINADO

Á situación dos/as menores xitanos/as en relación cos procesos educativos formais, de escolarización e de incorporación social, é a propia dos grupos en desventaxa social, sumando a actitude da poboación xitana cara á escola, á que consideran allea e alonxada dos intereses e valores xitanos, xa que entre outras cousas retrasa a incorporación do/a xove xitano/a nos roles de adulto/a.

Esta situación xeral tamén se adapta ó noso grupo concreto, que se caracteriza por:

- Desescolarización e absentismo escolar.
- En relación ó rendemento escolar un alto porcentaxe presenta dificultades e atópase por debaixo da media dos/as seus compañeiros/as.
- Baixa implicación da familia no proceso educativo, en xeral manteñen a distancia co centro escolar.
- Importantes déficits en recursos e habilidades sociais: baixo control emocional, agresividade, ...
- Problemática de drogas na familia nuclear.

## OBXECTIVO XERAL

Diminuír a incidencia do problema do VIH e a drogadicción na comunidade xitana.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Previr conductas de risco
- Realizar un traballo preventivo paralelo a unha proposta de tempo de lecer.
- Incrementar a autoestima dos nenos e nenas xitanos/as.
- Aprender a través do programa a importancia do grupo de pares e do traballo en equipo.
- "Utilizar" as cualidades dos/as nenos/as para construír "algo positivo".
- escoitar e orientar as demandas dos/as nenos/as.
- Dinamizar o traballo de integración e coordinación co barrio.

## METODOLOXÍA

As actividades plantéxanse a modo de obradoiros, utilizando unha metodoloxía dinámica, participativa e flexible, que permite a incorporación de novos contidos e actividades segundo a problemática que xurda no grupo ou as demandas do mesmo.

## ACTIVIDADES

Na actualidade as actividades que se están a desenvolver son:

- **Obradoiro de Música.**

É un dos que acadará máis éxito entre os/as rapaces/as e que serviu nun primeiro momento de "anzuelo" cara a outras actividades.

- **Obradoiro de Ciber.**

Trátase dunha nova experiencia a través da cal os/as nenos/as nos amosan as páxinas web ás que normalmente acceden e nós á vez amosámoslles alternativas de ocio dentro da rede (xogos educativos, música, información sobre a súa cultura,...)

- **Obradoiro de Expresión Plástica.**

Unha nova forma de expresión para aqueles/as que non se integraron no obradoiro de música e/ou teatro, xa que non é necesaria tanta continuidade para acadar resultados.

- **Biblioteca e ludoteca.**

Nos momentos libres entre os distintos obradoiros poden acceder a unha pequena biblioteca e ludoteca.

## Conclusións

Cando se está a realizar unha intervención con calquera poboación é de suma importancia a "continuidade" do/a educador/a. Pero cando estamos a falar da comunidade xitana este feito cobra máis interese, xa que non ven unha entidade ou centro senón persoas, que serán o seu "referente" no transcurso do programa.

Cando dentro do noso contexto falamos de prevención, referímonos a dotar a estes nenos/as de ferramentas para saber escoller, e mostrar posibles opcións. Pero non podemos caer no risco de facelo dende unha



# Práctica Profesional

visión "paya", xa que pode entrar en contradición co xeito de pensar e actuar da comunidade xitana. Senón que temos que colocarnos no seu propio contexto e entender que teñen outras referencias e crenzas.

A consecución de obxectivos nos programas de prevención non é inmediata, pero coido que cando estamos a falar da poboación xitana o proceso dilátase máis no tempo. Xa que por unha parte é moi difícil acadar unha asistencia continua, e por outra, podería crear conflito en canto á temática, polo que hai que facelo de forma *sutil e lenta*.

Este aspecto tamén se pode considerar como positivo, xa que todo aquilo que crea polémica leva a unha reflexión e ó cuestionamento a nivel social das problemáticas tratadas. Rematar dicindo que as actitudes positivas cara a outras culturas necesitan moita práctica, e só se poden acadar mantendo o contacto con elas.

Mantendo este contacto e reflexionando posteriormente podemos aprender moito unhas de outras.

Aury Ferreiro Carballo  
Educatora Social



Esta sección está deseñada para ofrecer un lugar de reflexión, un espacio onde poderedes expresaros abertamente sobre un tema proposto.

Pero por este motivo é preciso un dobre esforzo. Por un lado, poderedes enviar ó CESG as vosas opinións referentes ó tema que se escolla para debatir en cada número da revista e polo outro, enviar ademáis propostas doutros temas que vos parezan importantes, interesantes, problemáticos, innovadores, etc...e sobre os que poidamos debatir en posteriores números desta publicación.

Para facer da revista un reflexo da nosa profesión é necesario que todas e todos aportemos o noso grao de area!

\*\*\*Como este é o primeiro número da revista a proposta de tema sobre o cal debatir mandámosvola dende o CESG:

**"¿CAL É A TÚA OPINIÓN SOBRE A CREACIÓN DO CESG? ¿PROS? ¿CONTRAS?"**

**¡¡Esperamos o teu grao!!**

**[informacion@colexioeducadores.com](mailto:informacion@colexioeducadores.com)**





# **GALICIA CONSIGUE O PRIMEIRO ÉXITO NO MARCO DUN PROXECTO ESTATAL SOLIDARIO**

A creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia (CESG), supón un primeiro éxito dun proxecto estatal ambicioso, e construído baixo os parámetros de solidariedade, corresponsabilidade e pluralidade do colectivo profesional do Estado.





A creación do CESH permite a posibilidade de establecer un novo marco de colaboración en pro da educación social nos nosos territorios, á vez que nos posibilita poder continuar traballando, no marco da Asociación Estatal de Educación Social e naqueles que poidan crearse, para a consecución de novos colexios profesionais autonómicos.

## Dende Catalunya...

Dende Catalunya felicitamos, por tanto, o traballo realizado polo colectivo de educadoras e educadores sociais de Galicia que traballaron duramente para conseguir este fito. Tamén recoñecemos a responsabilidade e a vontade dos responsables políticos que impulsaron a Lei de creación do CESH, de todos os grupos parlamentarios do Parlamento galego, así como a todos aqueles que, dunha ou outra maneira, colaboraron e apoiaron o proceso.

Na nosa curta experiencia como Col·legi (a Lei de creación do Col·legi de Catalunya data de novembro de 1996 e a primeira Xunta de Goberno de xuño de 1999), puídemos observar como a presenza social dos educadores sociais e, por extensión, da educación social aumentou notablemente, non sempre o que desexaríamos, a partir do traballo que realizamos os colexios coa Administración, as entidades contratantes, os sindicatos e as entidades formativas, principalmente.

Dende o Col·legi d'Educadors i Educadores Socials de Catalunya (CEESC), cremos que a importancia dos colexios profesionais non debe basearse unicamente na defensa corporativa do colectivo profesional, senón que debe dar resposta á construción da profesión y á proposta social respecto ás necesidades da poboación, en xeral. Estes tres pilares: profesión, profesional, persoa, son os que sustentan a nosa existencia e os que debemos defender no noso discurso social.

## En pro da profesión.

Tamén cremos que unha profesión, neste caso educación social, no seu proceso de maduración debe pasar por diversos momentos de normalización: o recoñecemento formativo (manifestado coa creación da diplomatura universitaria), a regulación profesional (manifestada coa creación de colexios profesionais) e a regulación laboral acorde co encargo profesional que cubren as e os educadores sociais (manifestada coa creación de corpos profesionais na Administración e a elaboración de convenios marco propios para outras entidades contratantes). Estes tres aspectos son os que historicamente traballou o colectivo profesional a escala estatal e que, a escala autonómica, están en vías de conseguir.

Neste momento de construción é fundamental a participación activa de todos e todas vós, apostando por este novo instrumento da educación social galega, cos obxectivos de que o CESH sexa un referente claro das diversas sensibilidades das e dos educadores sociais e sexa un referente social da educación social en Galicia.

Finalmente, nos gustaría manifestar que os primeiros contactos cos responsables do CESH foron plenamente satisfactorios, que se formalizaron un convenio de colaboración marco e un convenio concreto sobre colexiación entre as dúas entidades e que, nun futuro non lonxano, seguiremos una liña clara de colaboración mutua.

Felicidades a todas e todos pola labor realizada.



Rafael López Zaguirre  
Presidente do CEESC

\* Traducción ó galego autorizada polo autor.



O Parlamento de Galicia aprobou o 29 de xuño de 2001 a Lei de Colexios profesionais da comunidade autónoma de Galicia.

A lei está a resultar polémica pola regulación da colexiación obrigada para os/as profesionais que traballen para a Administración.

O artigo da discordia é o número 3, o cal baixo o epígrafe "Profesionais ó servicio da Administración" establece:

*"Os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servicios de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración á que pertencen, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración. Si será obrigatoria, en consecuencia, a colexiación para o exercicio da actividade privada."*

Esta regulación suscitaba dúbidas e polo mesmo, diversos colexios profesionais entre eles o CESG, solicitaron un informe aclaratorio da Administración ademais dos seus propios servizos xurídicos.

Ámbolos dous informes conclúen que, para establecer se un/unha funcionario/a ou persoal laboral ó servicio da Administración debe colexiarse ou non, debemos atender as súas funcións e a quen sexa o/a destinatario/a inmediato dos servizos, polo mesmo,

no campo dos educadores e educadoras sociais, a colexiación virá practicamente sempre como obrigada, en tanto en canto os traballos que se realizan teñen como destinatarios/as, ás persoas usuarias dos servizos implantados pola Administración.

En tódalas intervencións sociais que se fan, os informes, as actuacións en familias... etc, existe un destinatario inmediato que son as persoas ás que tratamos e as que vai dirixido o traballo, polo mesmo, a Lei de colexios profesionais da comunidade autónoma de Galicia, non varía en nada a práctica existente, onde todos e tódalas profesionais da educación social, que presten servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto por conta da Administración, de empresas privadas ou por conta propia, deberán obrigatoriedade estar colexiados/as no CESG.







**Esta sección tentará recoller información sobre: cursos a realizar, congresos, seminarios, campañas, libros novos que saen á venda relacionados cos distintos ámbitos da Educación Social, páxinas web interesantes, etc...**

**Por este motivo, animámosvos a participar mandando ó CESG información que teñades da vosa man e que sexa interesante dar a coñecer.**

A continuación ofrecémosvos unha selección de **libros actualizada:**

-Romans,M. e Viladot,G.: "La educación de las personas adultas"Cómo optimizar la práctica. Colecc.Papeles de Pedagogía, Paidós (1998).

-Lomas,Carlos (comp.): ¿Iguales o Diferentes?.Colecc."Educador", Paidós (1999).

-Güell,M. e Muñoz Redon,J.: "Desconócete a ti mismo"Programas de alfabetización emocional. Colecc.Papeles de Pedagogía, Paidós (1999).

-Ferrés Prats,J.: "Educar en una cultura del espectáculo". Colecc.Papeles de Pedagogía, Paidós (2000).

-Romans,M./Petrus,A./Trilla,J.: "De profesión: Educador (α) Social". Colecc.Papeles de Pedagogía, Paidós (2000).

-Gervilla Castillo,A.: "Familia y sociedad, menores en situación de riesgo". Ed.Dykinson,S.L.(2001).

-Llul Peñalba,J.: "Teoría y práctica de la educación en el tiempo libre". Editorial CCS (2001).

-Pérez Serrano,G.(coord.): "Modelos de investigación cualitativa en educación social y animación sociocultural".Colecc.Narcea Sociocultural; Narcea,S.A.(2001)



## CICLO DE FORMACIÓN DO CESG

A creación dos Colexios de Educadoras e Educadores Sociais supón un paso definitivo no recoñecemento da nosa profesión.

É certo que a figura da educadora e do educador parece máis consolidada na nosa sociedade. Tamén é certo, que estamos a traballar nunha sociedade que xera contínuas necesidades para as que non sempre atopamos resposta.

É a nosa unha labor diversa, activa e cambiante, que esixe unha formación continua e de calidade.

A formación continuada, e vinculada á práctica diaria para garantir a mellora das intervencións, é unha das teimas que máis preocupa ó Colexio.

Nestes momentos o CESG está a colaborar coas Universidades de Galicia ( estanse a firmar convenios neste e outros temas ) para ofertar ós seus colexiados e colexiadas, estudantes e persoas interesadas , un programa de formación que sexa o principio dunha formación continua e de calidade. Esta colaboración permitirá que os cursos estean convalidados con créditos. Tamén temos a colaboración coa Obra Social da Caixa Galicia para financiar estas actividades.

As datas e programas son aínda provisionais. O Colexio confirmará, coa debida antelación, as datas definitivas, así como todos os temas que sexan de interese.

No presente ano están previstos os seguintes cursos :

### A EDUCACIÓN NO OCIO E O TEMPO LIBRE

(a desenvolver os días 1, 2 e 3 e MARZO en OURENSE)

### EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

(a desenvolver os días 5,6 e 7 de ABRIL en SANTIAGO)

### TRABALLO EN E CON GRUPOS

(a desenvolver os días 27,28 e 29 de ABRIL en VIGO)

### CONFLICTO E CONVIVENCIA

(a desenvolver os días 24 e 25 e MAIO na CORUÑA)

**Agardamos a máxima participación dos nosos colexiados e colexiadas. As persoas interesadas poden solicitar información na sede do Colexio.**





## BUZÓN OPINABLE

Esta sección da revista está pensada para reflectir as diferentes opinións que teñades sobre temas de actualidade, feitos que dalgunha maneira afectan á nosa profesión; para facer suxerencias; para facer críticas (...se poden ser constructivas mellor...); para poñer esa frase célebre que tanto nos gusta e máis cousas que se vos ocorran. É dicir, unha especie de "cartas ó/a...á revista". En definitiva, un espazo aberto de expresión que agardamos vos anime a participar.





LIBRERÍA  
Gómez Ulla, 7 - 3º  
1º de Santiago de Compostela



**Colexio de Educadores  
Sociais de Galicia**